



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 www.concellodenegreira.gal

X CONCURSO

“LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión dos premios do X Concurso de relatos curtos e carteis gráficos “**Loita contra a violencia de xénero**”, organizado polo Concello de Negreira a través do Centro de Información á Muller (**CIM**) co fin de sensibilizar a poboación sobre esta lacra social.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

1. Poderán participar todas as persoas menores de 18 anos.
2. Os traballos presentados deberán ser entregados no Centro de Información á Muller no Concello de Negreira, nun sobre pechado. Deberá constar un número de teléfono de contacto e en ningún caso deberá aparecer o nome da persoa participante. A identificación da persoa levarase a cabo mediante o uso dun pseudónimo. No caso da modalidade de Tik Tok, deberá ser enviado ao enderezo cimnegreira@yahoo.es xunto cun número de teléfono de contacto.
3. O concurso constará de tres modalidades: relato curto ,cartel gráfico e Tik Tok. A temática á que deben axustarse os traballos é a loita e prevención da violencia de xénero en todas as súas manifestacións así como os seus efectos e consecuencias.
4. Na modalidade de Tik Tok poderase participar con vídeos feitos coa aplicación Tik Tok ou directamente coa cámara de calquera dispositivo móbil.
5. Os traballos presentaranse en galego ou castelán.
 - No caso dos relatos terán como extensión máxima 5 folios (DIN-A4).
 - No modalidade Tik Tok a duración de cada vídeo non superará os dous minutos, sen duración mínima.

6. Todos os traballos que se presenten deberán ser orixinais, inéditos e non presentados en anteriores concursos neste ou noutro concello. De non ser así, quedarán inmediatamente excluídos do concurso.
7. Os criterios de valoración para elixir os traballos premiados serán os seguintes: contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.
8. O prazo para a presentación dos traballos é do 9 ao 23 de novembro. Deberán ser entregados no enderezo de correo cimnegreira@yahoo.es ou ben de xeito presencial nas oficinas do Cim do Concello de Negreira.
9. Os traballos orixinais quedarán en poder do CIM de Negreira que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón ou calquera outro uso posterior, sempre sen ánimo de lucro.
10. Entre todos os traballos recibidos un xurado independente seleccionará os gañadores de cada modalidade e concederá os seguintes agasallos :
 - Premio relato curto: vale regalo por importe de 100 euros para utilizar nunha tenda da vila.
 - Premio cartel gráfico: vale regalo por importe de 100 euros para utilizar nunha tenda da vila.
 - Premio Tik Tok: vale regalo por importe de 100 euros para utilizar nunha tenda da vila.

O concurso pode quedar deserto en calquera das modalidades no caso de que os traballos presentados non se consideren axeitados.

11. A entrega de premios levarase a cabo de maneira individual nunha data que se concretará entre a organización e as persoas premiadas.
12. Os traballos gañadores poderán divulgarse a través dos medios de comunicación locais.
13. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido, respectarán as esixencias legais de dereitos, de autoría ou plaxio, segundo as leis vixentes.
14. Todas as persoas participantes están obrigadas a cumprir estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nelas, será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.